



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas al cierre de la autovía Pontevedra-Marín por las frecuentes inundaciones.**

La autovía PO-11 que va de Pontevedra a Marín sufre constantes cortes y desvíos de tráfico debido a las inundaciones, cada vez más frecuentes, que afectan a varios de los carriles cuando coinciden días de fuertes lluvias con la pleamar.

Esta situación ha empeorado en las últimas semanas por la continua sucesión de borrascas y temporales, que han llevado a que se produzcan inundaciones diarias de la vía y, como consecuencia, al cierre al tráfico de la infraestructura. Esta situación obliga a desviar el tráfico por la antigua carretera, PO-546, y la variante de Marín, VG-4.4, y provoca importantes problemas tanto en los accesos al centro urbano de Marín o en la zona de Concepción Arenal como en la entrada al barrio pontevedrés de Praceres.

El Ministerio es conocedor de esta situación que se arrastra desde hace mucho tiempo. El Ayuntamiento de Pontevedra ha reclamado en múltiples ocasiones que se adopte una solución estructural y que, al mismo tiempo, se finalice el paseo peatonal marítimo de Pontevedra a Marín, que el Ministerio de Transición Ecológica, en concreto la Dirección General de Costas, tiene paralizado. Después de años, sigue sin acabarse el tramo comprendido entre Ence y Os Praceres.

Por estas circunstancias, precisamente el Ayuntamiento de Pontevedra acaba de trasladar una queja formal al Ministerio de Transportes por la manifiesta pasividad del Gobierno del Estado a la hora de buscar soluciones a un problema recurrente y conocido, los cierres de la PO-11, que provocan importantes problemas de movilidad tanto en la ciudad de Pontevedra, como en Marín, en la parroquia de Lourizán y en Oporto donde los transportistas se enfrentan a serias dificultades para acceder a las dependencias portuarias por los frecuentes cierres de la autopista.

Desde el consistorio pontevedrés trasladan que la única iniciativa del Ministerio de Transportes ha sido incluir esta problemática en un estudio de la Dirección General de



Carreteras para evaluar el riesgo de inundaciones en distintas zonas del Estado, pero no ha aportado soluciones prácticas, por lo que exigen que se pongan en marcha medidas realistas y que resuelvan la situación.

Por todo lo expuesto, el BNG formula las siguientes preguntas escritas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Conoce el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible la situación de constantes cortes de la autovía de Pontevedra a Marín (PO-11) cuando se producen fuertes lluvias que coinciden con el momento de la pleamar? ¿Qué valoración hace al respecto?
2. ¿Cuáles son las razones de que, tratándose de un problema recurrente y repetitivo a lo largo de los años, denunciado por el Ayuntamiento de Pontevedra en numerosas ocasiones al Ministerio de Transportes, no se haya adoptado aún ninguna solución?
3. ¿Es consciente de que los reiterados y frecuentes cortes de la vía complican enormemente la movilidad y la seguridad vial en los municipios de Marín y Pontevedra y, especialmente, en la parroquia de Lourizán?
4. ¿Agilizará la adopción de medidas en este punto atendiendo al empeoramiento de la situación?
5. ¿Ha finalizado el Ministerio el estudio estatal de la Dirección General de Carreteras para evaluar el riesgo de inundaciones en las distintas zonas, entre ellas la que es objeto de esta iniciativa parlamentaria? ¿De ser así, cuáles son las conclusiones para el caso de esta vía?
6. ¿Va a llevar a cabo medidas cuanto antes para acabar con esta situación? ¿Incluirá la finalización del paseo marítimo peatonal de Pontevedra a Marín?

Madrid, a 8 de febrero de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

08 FEB. 2026 18:07:23

Entrada **98142**

Sobre os fechamentos da autovía Pontevedra-Marín polas reiteradas inundacións

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao fechamento da autovía Pontevedra-Marín polas frecuentes inundacións.**

A autovía PO-11 que vai de Pontevedra a Marín sofre constantes cortes e desvíos de tráfico debido ás inundacións, cada vez máis frecuentes, que afectan a varios dos carrís cando coinciden días de fortes chuvias coa preamar.

Esta situación empeorou nas semanas pasadas pola continuada sucesión de borrascas e temporais e que levaron a que se producisen asolagamentos diarios da vía e, como consecuencia, que a infraestrutura se fechase para a circulación do tráfico. Esta situación obriga a desviar o tráfico pola antiga estrada, PO-546, e a variante de Marín, VG-4.4 e provoca importantes problemas tanto nos accesos ao centro urbano de Marín ou na zona de Concepción Arenal e á entrada do barrio pontevedrés de Praceres.

O Ministerio é coñecedor desta situación que se arrastra desde hai moito tempo. O concello de Pontevedra demandou en múltiples ocasións que se adopte unha solución estrutural e que, ao tempo, se finalice o paseo peonil marítimo de Pontevedra a Marín que o Ministerio de Transición Ecolóxica, en concreto a Dirección Xeral de Costa, ten paralizado. Despois de anos, segue sen acabarse o tramo comprendido entre Ence e Os Praceres.

Por mor destas circunstancias, precisamente o concello de Pontevedra acaba de trasladar unha queixa formal ao Ministerio de Transportes pola manifesta



pasividade do Goberno do Estado á hora de buscar solucións a un problema recorrente e coñecido, os fechamentos da PO-11, e que causa importantes problemas de mobilidade tanto na cidade de Pontevedra, como en Marín, na parroquia de Lourizán e no Porto onde os transportistas se enfrontan a serias dificultades para acceder ás dependencias portuarias polos frecuentes fechamentos da autovía.

Desde o consistorio pontevedrés trasladan que a única iniciativa do Ministerio de Transportes foi incluír esta problemática nun estudo da Dirección Xeral de Estradas para avaliar o risco de inundacións en distintas zonas do Estado, máis que non achegou solucións prácticas, por iso exixen que se efectiven medidas realistas e que resolvan a situación.

Por todo o exposto, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. Coñece o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel a situación de constantes fechamentos da autovía de Pontevedra a Marín (PO-11) cando se producen fortes chuvias que coinciden co momento da preamar? Que valoración fai ao respecto?
2. Cales son as razóns de que, tratándose dun problema recorrente e repetitivo ao longo destes anos, denunciado polo Concello de Pontevedra en numerosas ocasións ante o Ministerio de Transporte, aínda non fose adoptada solución algunha?
3. É consciente de que os reiterados e frecuentes cortes da vía complican enormemente a mobilidade e seguranza viaria nos Concellos de Marín e Pontevedra e, especialmente, na parroquia de Lourizán?
4. Axilizará a adopción de medidas neste punto atendendo ao empeoramento da situación?



5. Terminou o Ministerio o estudo estatal da Dirección Xeral de Estradas para avaliar o risco de inundacións en distintas zonas, entre elas a que é obxecto desta iniciativa parlamentaria? De ser así, Cales son as conclusións para o caso desta vía?
6. Vai efectivizar medidas canto antes para acabar con esta situación? Incluirá a finalización do paseo peonil marítimo de Pontevedra a Marín?

Madrid, a 8 de febreiro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso